


Bases en:
tarabelatecablogspot.com
Data límite: 17 de abril de 2021



Convocatoria

O IES “Ramón M^a Aller Ulloa” convoca o **VIII Concurso literario M^a Vitoria Taboada de poesía, relato curto e sketch teatral**, dirixido ao alumnado de ensino secundario, ciclos formativos de grao medio e FPB matriculados en centros da Comunidade Autónoma de Galicia.

Bases:

Poderá participar todo o alumnado de secundaria, ciclos formativos de grao medio e FPB matriculados nos centros educativos da comarca dezá.

Os traballos deberán estar escritos en lingua galega e respectar a normativa actual.

Todos os traballos presentaranse en Arial 12 e 1,5 de espazo.

Extensión:

Poesía: deberán presentarse tres poemas cunha extensión mínima de 20 versos cada un.

Relato curto: extensión máxima de tres folios e mínima de un .

Sketch teatral: cunha extensión de entre tres (3) e cinco (5) folios por unha cara.

Presentación:

O prazo de presentación remata o 17 de abril de 2021

Os orixinais poderanse presentar impresos ou en formato dixital (PDF, Libre Office ou .doc / .docx).

Impreso: Entregaranse asinados con pseudónimo, nun sobre aberto, coa lenda “VII Concurso M^a Vitoria Taboada”. Nel incluirase, ademais da(s) obra(s), outro sobre pechado no que conste por fóra o pseudónimo co que se asinou e dentro o nome do autor ou autora, o enderezo e o teléfono. Poderanse entregar na Secretaría do IES “Ramón M^a Aller Ulloa” ou remitir a: Rúa Banda de Música de Lalín, 8. (36500) Lalín (Pontevedra). No sobre externo debe constar o lema “VIII Concurso M^a Vitoria Taboada”.

Dixital: Enviaránse a www.marela@iesallerulloa.es, poñendo como asunto: VIII Concurso Vitoria Taboada. Non debe constar ningún dato persoal. O contacto establecerase, de ser necesario, a través do propio correo electrónico.

Haberá un premio para cadansúa modalidade. Poderán outorgarse os accésits que o xurado considere oportuno.

O fallo do xurado, integrado por profesorado, será inapelábel.

O fallo farase público o 7 de maio de 2021 na web do instituto e no blog da biblioteca *A Marela Tarabela*.

Os premios consistirán en 60 euros e un lote de libros para as persoas gañadoras e de 30 euros e un lote de libros para os accésits, ademais dunha morea de parabéns.

A entrega de premios terá lugar, de permitilo a situación sanitaria, no mes de maio nun acto poético-musical na Biblioteca. Os traballos premiados quedarán a disposición do IES Aller Ulloa para a súa posterior publicación.

Podes ver as bases tamén en:

A Marela Tarabela, o blog da Biblioteca, e na web do IES Aller Ulloa.